

Fondo solidario de libros de texto e axudas para adquirir libros e material escolar.

(2024-2025)

1. Quen pode solicitar as axudas?

- 1.1. Fondo solidario de libros de texto: Alumnado de 3º e 4º de educación primaria.
- 1.2. Axudas para adquirir libros de texto: Alumnado de 1º e 2º de educación primaria.
- 1.3. Axudas para adquirir material escolar: Todo o alumnado do centro.

2. Prazo de solicitude

Dende o 21 de maio ata o 21 de xuño de 2024

3. Onde se pode presentar a solicitude?

3.1. Na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal/portada> (procedemento ED330B).

- 3.1.1. *Hai que presentar dous documentos: a solicitude e o anexo II. Ao cubrir todos os datos, gárdase e obtense un número de solicitude.*
- 3.1.2. *Unha vez cubertos todos os datos, pódese rematar a presentación na propia sede electrónica da Xunta de Galicia ou*
- 3.1.3. *Unha vez cubertos todos os datos, pódense imprimir os dous documentos, a solicitude e o anexo II e presentalos no Centro educativo co número de solicitude.*

3.2. No Centro educativo: Deberán entregar debidamente cubertos e asinados a solicitude e o anexo II, que se recollerán impresos en papel no Centro.

4. Contías das axudas

	Renda per cápita familiar	
	≤ 6.000€ (menos de 6.000€)	> 6.000€ e ≤ 10.000€ (entre 6.000€ e 10.000€)
Libros de texto (1º e 2º de EP)	240€	160€
Material didáctico (todo o alumnado)	75€	60€

5. Cálculo da renda per cápita da unidade familiar. (terase en conta o exercicio fiscal 2022) ≤

5.1. Súmanse os recadros **435 + 460** de cada membro computable e divídese o resultado entre o número de membros computables.

Computan por dous as persoas cunha discapacidade acreditada de, polo menos, o 33% e as pensionistas por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez.

5.2. Se non se presentase a declaración da renda, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados no certificado de imputacións de renda, pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

5.3. As persoas sen residencia fiscal en España no 2022 acreditarán debidamente os seus ingresos no país de orixe.

5.4. Membros computables da unidade familiar: (terase en conta a situación a 31 de decembro de 2022)

- 5.4.1. Proxenitores / titores legais non separados legalmente nin divorciados.
- 5.4.2. Fillos/as menores de idade non emancipados.

- 5.4.3. Fillos/as maiores de idade discapacitados suxeitos a curatela representativa ou a patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- 5.4.4. Fillos/as solteiros menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar.
- 5.4.5. A persoa proxenitora separada legalmente ou divorciada, cando haxa custodia compartida.
- 5.4.6. A persoa que, por novo matrimonio ou convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumnado.
- 5.4.7. Se non hai vínculo matrimonial, a unidade familiar está constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos recollidos máis arriba.
- 5.5. NON son computables:
 - 5.5.1. A persoa proxenitora que NON conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
 - 5.5.2. O agresor nos casos de violencia de xénero, o outro proxenitor cando a custodia sexa exclusiva nin o proxenitor falecido.

6. Documentación:

- 6.1. Copia do libro de familiar ou equivalente onde figuren todos os membros da unidade familiar. No seu defecto:
 - 6.1.1. Volante de convivencia
 - 6.1.2. Informe dos servizos sociais
- 6.2. Sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a custodia do/a menor, se é o caso.
- 6.3. Certificado acreditativo do grao de discapacidade do órgano non pertencente á Xunta de Galicia, se fose o caso.
- 6.4. Acreditación da situación de violencia de xénero, se fose o caso.
- 6.5. Acreditación da situación de curatela representativa ou de patria potestade, se fose o caso.
- 6.6. Volante de convivencia ou informe dos servizos sociais, no caso de que o pai, a nai ou as persoas titoras legais carezan de DNI ou NIE.

Se se opoñen á consulta de comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar deberán indicalo nas casillas correspondentes e ademais achegarán:

- 6.7. DNI / NIE
- 6.8. Certificado de discapacidade recoñecido pola Xunta de Galicia
- 6.9. Percepción da pensión por incapacidade / inutilidade.